

## LIMIAR

Pois aínda non sabe ben que enleada me ven de botar ao lombo o rapazolo este que asina o libro que ten vostede agora mesmo entre as mans.

“Oes, irmán, tés que escribirme o limiar desta nova novela que vou publicar”.

Aí queda iso. Coma quen encarga que lle vaias mercar unha bola de pan á volta da esquina.

Por unha banda, nunca antes tivera que acometer tarefa semellante e algo de respecto si que impón pero bueno, ese obstáculo véxoo salvable.

O problema principal está en como escoller as verbas axeitadas.

A dificultade non vén dada porque non saiba que escribir sobre Pablo e a súa obra. O problema é que podería contar tantas cousas, que non sei como comprimilo para que non ocupe tanto espazo coma o resto da novela.

Síntoo pero resúltame, de todo punto, imposible abstraerme do amor que lle profeso e do orgullo que sinto pola traxectoria persoal, profesional e artística dunha persoa á que como deixan intuír os apelidos, úneme a condición de irmán maior, condición adquirida co interludio do outro artista da casa, Alejandro, peza fundamental para que Pablo sexa como é.

Entre o meu nacemento e o seu, mediaron doce anos, diferenza que me confire o dereito a presumir de coñecer o seu periplo vital case dende o primeiro alento. Atesouramos centos de vivencias xuntos. Coma en tódalas familias, tivemos momentos difíciles pero tamén temos o carro da memoria ateigado de lembranzas repletas de felicidade. Sen dúbida, a publicación desta novela vaise converter nunha máis destas últimas.

Con ela, a admirable mochila creativa de Pablo seguirá medrando xunto cos maravillosos contos escritos polo que é, indubidablemente, un gran corazón comprometido coa causa de axudar aos máis cativos a desenvolver calidades

coma o traballo en equipo, o valor da música ou a importancia dun correcto emprego da linguaxe.

Se sumamos isto á elección vital feita para súa carreira profesional, é sinxelo decatarse da humanidade e do innegable compromiso con aqueles que máis o precisan. Pablo, cando non está a escribir textos cheos de sensibilidade ou a tanxer as cordas do seu baixo, exerce coma mestre sobre todo para nenos e nenas con necesidades especiais de apoio para a súa integración.

Coido que após deste tan resumido perfil biográfico, serálle a vostede moito máis doado comprender as liñas nas que se vai mergullar ao pasar a páxina e nas que está reflectida gran parte desa personalidade, da súa esencia e xeito de ser.

Unha historia que o absorberá coa súa melodía de vidas entrecruzadas, que viran, como non, arredor da música, da súa maxia e de como esta é quen de crear conexións onde non as hai ou de mudar en máis agradable a vida dos que teñen o don de sentila, non falo de escoitala, falo dalgo moitísimo máis profundo. Lea e entenderao.

Vai vostede a mergullarse nunhas liñas tan aditivas coma esa canción que nunca se lle vai de todo da cabeza e que, de cando en cando, se deixa caer a traizón escorregándose até os beizos.

Hai moitas claves que podería desentrañar: o que significou sempre a guerra na nosa casa, a defensa dos máis desfavorecidos, o encontro dunha parella nun tren, o valor sentimental dalgúns dos nomes escollidos, o valor da música e dalgúns discos...pero vou deixar que sexa vostede quen xulgue todo iso.

Só vou engadir que máis aló da paixón de irmán, a lectura de “Música para os días de inverno” deixoume a mellor sensación que che pode deixar un libro, quedei con ganas de máis.

Agardo que vostede sinta algo semellante e que, algún día, Pablo o resolva dándolle continuidade ao relato.

**Adolfo Nogueira Campo**

## ÍNDICE

Limiar .....	11
1.....	13
2.....	16
3.....	19
4.....	23
5.....	27
6.....	31
7.....	35
8.....	38
9.....	42
10.....	46
11.....	49
12.....	52
13.....	55
14.....	58
15.....	63
16.....	66
17.....	69
18.....	72
19.....	75
20.....	78
21.....	81
22.....	85
23.....	88
24.....	93
25.....	96
26.....	99
27.....	102
28.....	105
29.....	108
30.....	113